

PROGRAMACIÓN
1º BACHARELATO
ECONOMÍA

2018-2019

MARÍA CASAL FERNÁNDEZ

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Contextualización.....	4
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	5
4. Obxectivos da materia de economía.....	6
5. Contribución das materias ao logro das competencias clave.....	7
6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel.....	8
7. Estándares de aprendizaxe avaliábel.....	21
8. Criterios de cualificación.....	27
8.1. - Actividades de recuperación.....	27
8.2. - Avaliación de materias pendentes.....	28
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	29
9.1. - Indicadores de planificación.....	29
9.2. - Indicadores de motivación do alumnado.....	29
9.3. - Indicadores de desenvolvemento do ensino.....	29
9.4. - Indicadores de seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe.....	30
10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....	30
11. Medidas de atención a diversidade.....	31
12. Concreción dos elementos transversais.....	32
12.1 Tratamento do fomento da lectura.....	32
12.2 Tratamento do fomento das TICs.....	33
13. Materiais e recursos didácticos.....	34
13.1. - Páxinas web recomendadas.....	34
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.....	35
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	36

1. INTRODUCCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. Estrutúrase en sete bloques: no primeiro abórdase a o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos; nun segundo bloque (“A actividade produtiva”) descríbese a produción como principal actividade económica; no terceiro (“O mercado e o sistema de prezos”) repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos; o seguinte bloque (“A macroeconomía”) céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo; no quinto (“Aspectos financeiros da economía”) faise un repaso da vertente financeira da actividade económica; o sexto (“O contexto internacional da economía”) aborda a análise do sector

exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización; e, finalmente, no bloque titulado “Desequilibrios económicos e o papel do Estado na económica”, reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos. O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O departamento de Economía do Ies Campo de San Alberto está formado por unha única profesora, María Casal Fernández, Xefa de Departamento e impartindo clase de Economía en 1º de bacharelato.

Hai un único grupo formado por 17 alumnos. A materia ten asignadas 4 horas semanais. Neste curso 2018/19 as horas lectivas adicadas a esta materia son de aproximadamente 138.

O equipamento e os servizos do Centro son:

- Biblioteca dotada de libros de consulta e lectura.
- Aula de informática equipada con ordenadores con acceso a Internet.
- Departamento de orientación.
- Cafetería.
- Accesibilidade para alumnado con minusvalía.

A normativa que se tivo en conta para elaborar esta programación foi a seguinte:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/2019 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade

Autónoma de Galicia.

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Tal e como se recolle no artigo 26 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

4. OBXECTIVOS DA MATERIA DE ECONOMÍA

A materia de Economía profundiza e desenvolve os coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria e serve tamén como introdución á materia de Economía de Empresa que se estuda en 2º de bacharelato.

Os obxectivos desta materia son os concretados seguidamente:

1. Identificar o ciclo da actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
2. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a sobreexplotación dos recursos naturais, así como os derivados da globalización da actividade económica.
3. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e cultural en que tiveron lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás. Formular xuízos persoais acerca da conveniencia ou non da intervención da Administración Pública na economía e dos seus efectos.
4. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os fenómenos sociais.
5. Utilizar técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía galega, española, europea ou doutras zonas do mundo para coñecer e comprender os trazos característicos da situación económica deses territorios e as perspectivas de futuro.
6. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar opinións argumentando con precisión e rigor a partir de conceptos e principios económicos elementais. Aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de enriquecemento persoal.
7. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e/ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen. Formular xuízos persoais sobre estas e comprender que as decisións implican, en ocasións, elixir entre

obxectivos en parte contraditorios para os diferentes axentes económicos.

8. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente grao dedesenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade deconseguir un desenvolvemento sustentable.
9. Abordar de xeito autónomo e razoado problemas económicos do medio, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar estareflexión ás situacións cotiás do medio.
10. Coñecer e comprender, dun xeito crítico, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

5. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.

O carácter integrador da materia de Economía fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das competencias básicas:

- Promove a competencia matemática mediante a realización de cálculos para a determinación de magnitudes macroeconómicas e microeconómicas, así como o uso de algoritmos e estratexias de cálculo. Achega, ademais, aos estudos estatísticos, as táboas e os gráficos como instrumentos básicos para interpretar a realidade económica, en especial a de Galicia, achegar posibles solucións e alternativas e predicir, interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e/ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen. Formular xuízos persoais sobre estas e comprender que as decisións implican, en ocasións, elixir entre obxectivos en parte contraditorios para os diferentes axentes económicos.

- Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente grao dedesenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade de conseguir un desenvolvemento sustentable.
- Abordar de xeito autónomo e razoado problemas económicos do medio, utilizando osprocedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios deinformación, en especial as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar estareflexión ás situacións cotiás do medio.
- Coñecer e comprender, dun xeito crítico, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. ECONOMÍA E ESCASEZA. A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA				
i l	B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	CAA CMCCT
a h i l	B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.	B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	CSC CMCCT CD

			<p>ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.</p>	<p>CSC CD CAA</p>
			<p>ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.</p>	<p>CAA CD CSC</p>
i l	<p>B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.</p> <p>B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa.</p> <p>B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.</p>	<p>B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.</p>	<p>ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.</p> <p>ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.</p>	<p>CAA CMCCT</p> <p>CCL CMCCT CD</p>

BLOQUE 2. A ACTIVIDADE PRODUTIVA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l m p	B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.	B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expressa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	CAA CCL CSC
			ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	CSC CMCCT
i l	B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.	B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CCL
			ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo como nun ámbito internacional.	CSIEE CC
a h i l m	B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción.	B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	CSIEE CAA
a h i m	B2.4. Empresa: obxectivos e funcións.	B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.		

			ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	CD CCL
i l m	B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.	B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	CD CMCCT
i l m	B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.	B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	CMCCT CD
			ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	CMCCT CD
i l m	B2.8. Función de produción.	B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a	CMCCT CD

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		empresa a partir dun caso dado.	partir de supostos dados.	
BLOQUE 3. O MERCADO E O SISTEMA DE PREZOS				
i l m	<p>B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.</p> <p>B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.</p> <p>B3.3. Equilibrio do mercado.</p>	<p>B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.</p>	<p>ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.</p>	<p>CMCCT CD</p>
			<p>ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.</p>	<p>CMCCT CCL</p>
			<p>ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.</p>	<p>CMCCT CD</p>
a h i l m	<p>B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia.</p> <p>B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.</p>	<p>B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.</p>	<p>ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.</p>	<p>CMCCT CCL</p>
			<p>ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.</p>	<p>CAA CSC</p>

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	CSC
BLOQUE 4. A MACROECONOMÍA				
g h i l	B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.	B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	CMCCT CD CSC CCL
	B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.			
	B4.3. Inflación e tipos de xuro.			
	B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.		ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	CAA CSC
			ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	CSC

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g i l	B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.	B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.	CMCCT CD
			ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e reconece os métodos de estudo utilizados por economistas.	CAA CD
			ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, análizaas e interprétaas, e presenta assúas valoracións de carácter persoal.	CD CMCCT
a h i l m	B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.	ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	CMCCT CD

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.	CSC CAA
			ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	CAA CD
a g h i l p	B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.	ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.	CD CSIEE
BLOQUE 5. ASPECTOS FINANZEIROS DA ECONOMÍA				
i l	B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. B5.2. Proceso de creación do diñeiro.	B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.	ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	CSC CMCCT CD CCL
a d h i l	B5.3. Teorías explicativas da inflación.	B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.	ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	CSC CD

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l a d h i l i l a h i l	B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	CAA CSC CD
			ECB5.4.1. Razo de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	CAA CMCCT CSC
			ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento.	CSC CMCCT CD
	B5.6. Banco Central Europeo. B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.	B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.	ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.	CMCCT CCL
BLOQUE 6. O CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA				
g i l	B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.	B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.	ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	CSC CCL CMCCT

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a i l	B6.3. Cooperación e integración económica. B6.4. Unión Europea (UE).	B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.	ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	CSC CCL
a b h i l p	B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación.	B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.	ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	CSC CCL CAA CD CMCCT CSC
BLOQUE 7. DESEQUILIBRIOS ECONÓMICOS E O PAPEL DO ESTADO NA ECONOMÍA				
a b c i l	B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento. B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución	B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial.	ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.	CSC CMCCT CD

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.	CCL CMCCT
			ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.	CSC CCL
			ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	CAA CSC CD
			ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CSC CMCCT

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	CSC CAA
			ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	CSC CMCCT
			ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.	CMCCT CSC
a c	B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos.	B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica.	ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.	CCL CMCCT

ECONOMÍA. 1º DE BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l	B7.6. O Estado na economía: funcións.			
	B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.		ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.	CSC CMCCT CD
	B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades.		ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CAA CMCCT CD

7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Recoñece a escaseza, a necesidade de elixir e de tomar decisións.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.2. Comprende o custo de oportunidade e FPP, elabora e interpreta os gráficos correspondentes.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.3. Distingue os distintos tipos de bens e necesidades.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.1. Analiza as diferentes propostas e as distintas formas de abordar os elementos clave nos principais sistemas económicos.	-3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.2. Relaciona e manexa, a partir de casos concretos de análise, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.3. Compara diferentes formas de abordar a resolución de problemas económicos, utilizando exemplos de situacións económicas actuais do entorno internacional.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.1 Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	-1 sesión	-Proba escrita. -Observación directa.
3.2. Distingue entre distintas teorías do pensamento económico.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

BLOQUE 2. A ACTIVIDADE PRODUTIVA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Expressa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.2. Indica as diferentes categorías de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía	-3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.1. Estuda e analiza as repercusións da actividade das empresas, tanto nun entorno próximo como nun internacional.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
4.1. Analiza e interpreta os obxectivos e funcións das empresas.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
4.2. Explica a función das empresas de crear ou incrementar a utilidade dos bens.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos proposto	-3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
6.1. Comprende e utiliza diferentes tipos de custos, tanto fixos como variables, totais, medios e marxinais, así como representa e interpreta gráficos de custos.	-3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
6.2. Analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custes dun período.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

BLOQUE 3. O MERCADO E O SISTEMA DE PREZOS

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das distintas variables no funcionamento dos mercados.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.2. Expresa as claves que determinan a oferta e a demanda.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios nos prezos e cantidades, así como o seus efectos sobre os ingresos totais.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.1. Analiza e compara o funcionamento dos diferentes tipos de mercados, explicando as súas diferenzas.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.2. Aplica a análise dos distintos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do entorno máis inmediato.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.3. Valora, de forma crítica, os efectos que se derivan sobre aqueles que participan nos diversos mercados.	- 2 sesións	-Observación directa.

BLOQUE 4. A MACROECONOMÍA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Valora, interpreta e comprende as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e empregaas para establecer comparacións con carácter global.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados valorando o seu impacto, efectos e limitacións para medir a calidade de vida.	- 2 sesións	-Observación directa.

2.1. Utiliza e interpreta a información contida nas táboas e gráficos de diferentes variables	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.2. Valora estudos de referencia como fonte de datos específicos e comprende os métodos de estudo usados polos economistas.	- 2 sesións	-Observación directa.
2.3. Manexa variables económicas en aplicacións informáticas, analízalas e interpreta e presenta valoracións de carácter persoal.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.1. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.2. Valora a relación entre a educación e formación e as probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.3. Investiga e reconece ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
5.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as diferentes alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

BLOQUE 5. ASPECTOS FINANCEIROS

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha Economía.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.1. Reconece as causas da inflación e valora as repercusións económicas e sociais.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento de canle no aforro ao investimento e identifica os produtos e mercados que o compoñen.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
4.1. Razona, de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo e razona sobre o seu papel e funcionamento.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de interese na Economía.	- 2 sesións	-Observación directa.

BLOQUE 6. O CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Identifica os fluxos comerciais internacionais.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.1. Explica e reflexiona sobre o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, valorando as repercusións e implicacións para España nun contexto global.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
3.2. Describe as implicacións e efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e coordinación.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

BLOQUE 7. DESEQUILIBRIOS ECONÓMICOS E O PAPEL DO ESTADO

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
1.1. Identifica e analiza os factores e variables que inflúen no crecemento económico, o desenvolvemento e a redistribución da renda.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.2. Diferencia o concepto de crecemento e de desenvolvemento.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre o reparto da riqueza, sobre o medioambiente e a calidade de vida.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.5. Reflexiona sobre os problemas medioambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sostible.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co medioambiente e valora e considera esta variable na toma de decisións económicas.	- 3 sesións	-Observación directa.
1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallo, o que supón valorar os custos asociados.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.1. Comprende e explica as distintas funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e proveedoras de bens e servizos públicos.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e efectos para os axentes que interveñen na Economía e as diferentes opcións de actuación por parte do Estado.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación da aprendizaxe farase en función dos seguintes instrumentos:

- 1) Probas escritas (mínimo dúas por avaliación).

Estas probas permiten valorar e calificar os coñecementos do alumnado, así coma o proceso de aprendizaxe. Este instrumento suporá unha porcentaxe do 80% da nota da avaliación. En función da natureza dos temas explicados, as probas escritas constarán dalgunha das seguintes modalidades de preguntas:

- Preguntas tipo test
- Preguntas de resposta curta
- Preguntas de resposta ampla (tema a desenvolver), que poderán estar relacionados co desenvolvemento do tema ou coa resolución de cuestións prácticas, así coma a análise e interpretación de datos ou cifras referidas a unha determinada situación real.

A realización destas probas así coma a súa estrutura e ponderación respecto a nota notificarase ós alumnos coa suficiente antelación.

- 2) O traballo diario na aula, tanto de forma individual coma en grupo. Este criterio suporá unha ponderación dun 20% sobre a nota da avaliación, considerándose neste aspecto a interese do alumno, a súa participación, a toma de apuntes a realización de actividades propostas para a aula, as técnicas de investigacións aplicadas na resolución das actividades.

A nota de cada avaliación será o resultado de aplicar as anteriores ponderacións. No caso que o resultado obtido non sexa número enteiro teranse en conta dous decimais. Non se fará nota media no caso de que o alumno ou alumna obteña nalgunha das probas escritas unha calificación inferior a 4.

Considerárase aprobado/a o alumno/a que acade unha nota igual ou maior a 5.

A nota final de xuño será aproximadamente a nota media das tres avaliacións, se ben se terá en conta a evolución, positiva ou negativa, do alumno ó longo do curso, tendo presente o principio de avaliación continua.

8.1.- Actividades de recuperación

Se o suspenso ven determinado por un elemento de observación directa, e nas seguintes avaliacións prodúcese un cambio favorable nos hábitos e traballos realizados, implicará a recuperación da primeira ou segunda avaliacións.

Se o suspenso estivera motivado por probas escritas, realizarán outra proba escrita por cada

avaliación cuos contidos estarán en función das deficiencias atopadas na maioría dos suspensos. Para superala será necesario obter una nota mínima de 5 e a nota máxima poderá ser un 6

Os alumnos que suspendan en xuño e teñan que recuperar en **setembro** estarán sometidos ós seguintes criterios:

- Unha proba escrita sobre os contidos mínimos explicados ó longo do curso cunha ponderación non inferior ó 70%. Nesta proba será necesaria unha puntuación mínima de 5 para aprobala.
- Realización dun plan de recuperación composto por actividades, problemas, comentarios de texto, etc. e que poderá supor ata un 30% da nota de setembro.

Tendo en conta todo o anterior, considerárase aprobado/a o alumno/a que obteña unha nota igual ou superior a 5.

8.2.- Avaliación de materias pendentes

Para o alumnado pendente celebraranse dous exames durante o curso, o primeiro no mes de xaneiro e o segundo a finais do mes de abril. Se o alumno non recupera deberá presentarse a un exame único e final para pendentes a mediados do mes de maio. O exame terá as mesmas esixencias que o celebrado no mes de setembro.

O departamento dispón dunha titoría de atención ó alumnado na que a profesora estará a disposición para aquelas consultas que se desexen realizar.

Ademáis durante o curso o alumnado coa asignatura pendente recibirá material e exercicios para traballar e prepararse antes dos respectivos exames de recuperación. Asimesmo dispónse de material preciso para reforzo educativo de todo o alumnado que o necesite, como son resúmenes, esquemas, actividades de repaso, exercicios e problemas que complementen os contidos mínimos desenvolto durante o curso académico.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

9.1.- Indicadores de planificación

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

9.2.- Indicadores de motivación do alumnado

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

9.3.- Indicadores de desenvolvemento do ensino

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas.
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as

alumnas.

8. Expón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Expón actividades grupales e individuais.

9.4.- Indicadores de seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoevaluación e coevaluación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Durante o primeiro mes de clase realizarase a avaliación inicial do alumnado que terá coma obxectivo indagar no nivel de desenvolvemento que presentan os alumnos e alumnas en relación cos contidos e capacidades da materia no currículo e que nos servirá de punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe da materia de Economía en 1º de Bacharelato.

Esta avaliación será o punto de referencia para orientar sobre a programación, a metodoloxía a empregar ou a organización da aula.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

A comenzos de curso realizarase unha actividade de repaso e/ou profundización de contidos vistos ata o momento e que resultan esenciais para o óptimo desenvolvemento da programación da materia (**avaliación inicial**). As cuestións plantexadas nesta actividade serán resoltas de forma individual (en base aos seus coñecementos ou consultas en libros e/ou apuntes) e posteriormente postas en común e debatidas no grupo-clase. Con esta primeira actividade preténdese ademáis de repasar cuestións claves, atender ás deficiencias máis importantes que presente parte do alumnado.

Mediante a graduación na dificultade das tarefas, flexibilidade na realización dos traballos encomendados, diferenciación dos aspectos esenciais daqueles cós profundizan ou amplian, e a proposta de actividades complementarias tanto de reforzo como de profundización na materia, poderemos atender ás necesidades específicas dos alumnos e alumnas.

a) Para aqueles alumnos que teñan problemas físicos, acústicos ou visuais, deberemos coidar esas condicións na clase evitando o murmurio, colocándoos nas primeiras filas, etc. Adaptaremos os materiais didácticos ás características psicolóxicas e sensoriais do alumnado.

Tamén facilitaremos actividades de reforzo e repaso coa programación dunha hora de atención ao alumnado. En definitiva, para estes alumnos deberemos dar prioridade aos contidos mínimos esixidos e así conseguir que pasen a materia con éxito.

b) Tendo en conta que en clase podemos atopar con alumnos superdotados, deberemos realizar unha adaptación curricular, é dicir, deberemos propór distintas actividades adicadas ao reforzo dos contidos e ao profundamento dos mesmos, dirixido a enriquecer o currículo destes alumnos.

Neste sentido, mentres se desenvolve cada unidade didáctica, pódense ir propondo actividades resoltas, para que vaian profundando nos conceptos expostos ata ese momento e asentando os coñecementos teórico-prácticos da unidade.

Xa que non é moi usual a presenza en Bacharelato de alumnos con dificultades de aprendizaxe, nin alumnos superdotados en xeral, á hora de realizar os temas, partírase dunha estrutura base para o nivel xeral da clase, levando a cabo cando cumpra as adaptacións curriculares pertinentes.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, inclúe coma elementos transversais a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional; traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

12.1.- Tratamento do fomento da lectura

Hai que ter en conta que o alumnado terase que habituar a ler e analizar o lido para obter a información necesaria para a elaboración do seu propio proxecto emprendedor. Desde esta materia intentarase levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Por tanto, no desenvolvemento da materia ó longo do curso requirirase a lectura de diverso tipo de información. A continuación amósanse as fontes de lectura máis importantes na materia:

- Artigos nos que se amosan as ideas emprendedoras de diferentes persoas con ánimo de fomentar o interese polas iniciativas emprendedoras.
- Textos legais do ámbito do dereito mercantil, fiscal e laboral.
- Noticias de prensa relacionadas co mundo dos emprendedores.
- Información de páxinas web con temática específica sobre o mundo da empresa e dos emprendedores.
- Dicionarios específicos de economía, empresa e comercio para a consulta de termos que se usan en relación coa materia na linguaxe cotiá na aula.
- Consulta de certo material en lingua inglesa (dicionarios, artigos, documentos) relacionado co mundo da empresa.
- Textos de actividade relacionadas coa materia.

Algunhas das actividades propostas poden ser:

- Lectura en voz alta por parte do alumnado de textos de actividades. Posteriormente pódese pedir ao alumnado que interprete o texto e que faga un resumen do lido,
- Lectura en voz alta ou individualmente por parte do alumnado de contidos teóricos seguidos coa posterior explicación parte do profesor/a. Posteriormente, o alumnado podería sacar conclusións, elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar ese contidos, etc.
- Actividades de busca de información en Internet, dicionarios, prensa, etc. Por exemplo: busca de ideas emprendedoras consultando bancos de ideas en internet; consulta de termos propios da materia en dicionarios; busca e análise de artigos relacionados co mundo de emprendemento; etc.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico da materia, anotando nun caderno os termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso.

12.2 Tratamento do fomento das TICs

O desenvolvemento da materia ao longo do curso terá moi en conta o fomento da competencia dixital (uso das TIC) do alumnado.

Moitos dos modelos didácticos que se usarán están contemplados no plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación do centro.

A modo de exemplo amósanse algunhas das estratexias que se seguirán:

- Realización de actividades nas que o alumnado terá que buscar certa información en Internet para despois traballar con ela.
- Presentación de actividades polo alumnado usando os medios dixitais.
- Explicacións do profesor/a apoiadas coa axuda de encerado dixital.
- Presentación aos alumnos/as e a través da pantalla dixital de información de interese buscada en internet e relacionada coa materia (artigos, datos estatísticos, gráficos, plans de empresa, subvencións, etc.)
- Acceso do alumnado, na medida do posible, a moitos dos contidos e actividades do curso.
- Uso dunha folla de cálculo polo alumnado para o cálculo de estatísticas, presupostos, previsións, etc.

13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Aula de informática.
- Artículos de prensa periódica.
- Materiais audiovisuais.
- Materiais de traballo preparado polo profesor: fichas, esquemas, etc.
- Revistas especializadas.
- Libros de consulta.
- Videos sobre temas económicos.

Traballárase con este material co fin de que os alumnos e alumnas, a través da lectura, interpretación e análise de datos obtidos das distintas fontes sexan capaces de achegarse ós conceptos económicos e financeiros, obtendo, seleccionando, interpretando a información e tratándoa de forma autónoma. Isto permitiralles tomar decisións a partir dunha planificación rigurosa, contrastada e documentada.

13.1.- Páxinas web recomendadas

- Enciclopedia e biblioteca virtual www.eumed.net
- Páxina web do Instituto Nacional de Estatística www.ine.es
- O peso na economía española dos diferentes sectores e axentes económicos: www.ine.es
- Máis exercicios e recursos en www.profes.net
- Para analizar a marcha de mercados reais: www.agroprecios.com
- Información relativa ó mercado de traballo español: www.ine.es
- Servizo público de emprego estatal: www.inem.es
- Informes interanuais das principais variables macroeconómicas: www.economyweb.com
- Portal especializado na enseñanza da economía en Bacharelato: www.ecobachillerato.com
- Directorio especializado na información sobre o sector público na rede: www.admiweb.org

-
- Síntesis de indicadores do Banco de España: en www.bde.es
- Confederación Española de Caixas de Aforros: www.ceca.es
- Web de divulgación económica: www.econolandia.es
- Portal do Ministerio de Economía e Facenda: www.meh.es
- Portal do Tesouro Público: www.tesoro.es
- Portal da Comisión Nacional do Mercado de Valores: www.cnmv.es
- Páxina da Organización Mundial do Comercio: www.wto.org
- Fondo Monetario Internacional: www.imf.org
- Páxina da Unión Europea: http://europa.eu/index_es.htm
- Páxina da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico: www.ocde.org

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Intentárase programar unha visita a unha empresa o máis cercana posible co obxectivo de cos alumnos apliquen os seus coñecementos a unha organización concreta. Na medida do posible a empresa visitada pertencerá o sector secundario para que permita ó alumnado analizar o seu sistema de produción e que reflexen a súa impresión sobre a realidade.

Esta visita deberá realizarse entre o segundo e o terceiro trimestre para facer posible cos alumnos e alumnas adquiren os coñecementos teóricos precisos para observar a realidade con espírito crítico.

Unha vez realizada a visita os alumnos asistentes deberán entregar unha memoria da mesma e se algún alumno non asiste entregará un traballo sobre a empresa visitada o cal conterá unha serie de puntos mínimos previamente fixados (estipularanse en función de cal sexa a empresa visitada). Tanto a memoria da visita coma o traballo alternativo valoraranse a hora de calcular a nota da avaliación.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación é un compoñente básico no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación ten que ser coherente coas características do Bachillerato, cos obxectivos formulados e coa metodoloxía utilizada.

A avaliación debe ser formativa e servirá para fomentar a reflexión e para orientar e analizar o proceso educativo; por iso, a avaliación terá que ser:

- Continua, para observar o proceso de aprendizaxe.
- Integral, para considerar tanto a adquisición de novos conceptos, como de procedementos, actitudes, capacidades de relación e comunicación e de desenvolvemento autónomo de cada estudante.
- Individualizada, para que se axuste ás características do proceso de aprendizaxe de cada alumno e non dos alumnos en xeral.
- Orientadora, porque debe ofrecer información permanente sobre a evolución do alumno a respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do currículo programado pretende como obxectivo principal a corrección das desviacións que se puidesen producir no proceso de ensino-aprendizaxe; desde este punto de vista, cando se avalíe se deben ter en conta:

- A adecuación dos obxectivos ás características de cada grupo.
- A idoneidade dos procedementos utilizados.
- A marcha das actividades programadas.

O seguimento da programación é un dos puntos que se deberán tratar sempre que se faga unha reunión do departamento.

No departamento de Economía un dos xeitos para avaliar a propia programación sería a través do cumprimento dos obxectivos programados para cada módulo. O feito de non acadar o cumprimento dos devanditos obxectivos daría lugar á revisión da metodoloxía utilizada, secuenciación de contidos, adecuación dos criterios de avaliación, e se son axeitadas ou non as medidas adoptadas para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

NOIA A 15 DE SETEMBRO DE 2018

MARÍA CASAL FERNÁNDEZ
XEFA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA